

VIGO EN NOVEMBRO
CIDADE EUROPEA DO SON AVANZADO

concertos



Mércores 4, 20:30 h, AUDITORIO MARTÍN CÓDAX
Á ESPERA
PROXECTO ALIEN
Obras de Sofía Gubaidulina (RU) e Françoise Rossé (FR)
Entrada gratuita

Martes 17, 20:30 h, MARCO
TECHNICS
NOU ENSEMBLE
Obras de Guardabrazo (ES), Bernal (ES), Steen-Andersen (DK),
Jose Pablo Polo (ES), Giner (ES), Kagel (AR), Jover (ES), Bagés (ES), Loeffler (DK)

Venres 20, 20:30 h, AUDITORIO MARTÍN CÓDAX
CONFLUENCIAS
ESPAI SONOR
Obras de Fayos (ES), Ciria (ES), Edler (ES), Nuria Giménez (ES),
Haas (AT), Posadas (ES)

Domingo 22, 18:00 h, MUSEO VERBUM
INSIDE THE INSIDE
VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Estreas mundiais de Zach (NO), Rykova (RU), Tolosa (ES),
Nuño De Buen (MX), Çolak (TR)

Mércores 25, 19:45 h, HALL da ETSE DE MINAS da UVigo
NA PROCURA DO SISILI
VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Obras de Beltrán (ES)*, De Mey (BE), e Hosokawa (JP)
*estrea mundial
Entrada gratuita

Xoves 26, 19:00 h, FUNDACIÓN LAXEIRO
AS PARTÍCULAS DA FELICIDADE
ANGÉLICA V. SALVI + MIGUEL CARVALHAIS
Obras de Saariaho (FI), Chasalow (EE.UU.), Belenguer (ES) e Fuzzi (DK)

Domingo 29, 18:00 h, AUDITORIO MARTÍN CÓDAX
METZTLI
VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Estreas mundiais de Carreño (CO), Galaz (CL), Yazdani (IR),
Prokopenko (RU), Barroso (MX)

CauSaL:
Encontros
Internacionais
de Composición

Conservatorio Superior
de Música de Vigo

VENRES 20 18:00 h - 14:00 h
Voro García/ Zach/ Tolosa
Nuño de Buen

VENRES 27 10:00 h - 18:00 h
Galaz/ Yaradni/ Prokopenko/
Carreño/ Barroso

OBRADOIROS
DO IGAS

proxectos de dinamización en
colaboración con centros de
primaria e secundaria, escolas
de música e conservatorios

MÚSICA PORENTO
PROXECTO ALIEN

Entrada anticipada concerto: 5 euros
Entrada billeteira concerto: 8 euros
Bono festival: 20 euros
Venda anticipada en ataquilla.com

vertixeVIGO15

III Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea
do 4 ao 29 de novembro

Promove:



Colabora:



Patrocina:



Vivimos nunha cidade fermosa

FESTIVAL vertixeVIGO 15

Novembro

Promove, organiza e produce: Vertixe Sonora e Instituto Galego de Sonoloxía


Patrocina: Concello de Vigo (ES), INAEM, TONO (NO), NOPA (NO) e Komponistenes Vederlagsfond (NO), programa IBERMÚSICAS (VV.PP.), FONCA (MX), Hochschule für Musik FRANZ LISZT Weimar (DE), Universidade de Vigo (ES)

Colabora: MARCO - Museo de Arte Contemporánea de Vigo, VERBUM, Fundación Laxeiro, CSM de Vigo e A Coruña, Deputación de Pontevedra

Máis información en: www.vertixevigo.net

Contacto prensa: info@vertixesonora.net

www.vertixevigo.net/vertixevigo15




10 estreas mundiais, 7 concertos, 2 obradoiros, 9 conferencias e 15 países representados. VertixeVIGO chega á súa terceira edición para consolidarse como un dos espazos europeos de difusión da música contemporánea máis innovadores e a principal plataforma española para coñecer a creación musical experimental emerxente no ámbito internacional.

Poderemos escoitar estreas mundiais de compositores provintes de diferentes partes do planeta que escolleron esta plataforma para a súa presentación en España. **Juan Pablo Carreño (Colombia), Pablo Galaz (Chile), Arash Yazdani (Irán), Natalia Prokopenko (Rusia), Edgar Barroso (México), Elena Rykova (Rusia), Miguel Ángel Tolosa (España), Ingar Zach (Noruega), Andrés Nuño De Buen (México) e Murat Çolak (Turquía).** Tamén estarán por primeira vez en Galicia **Espai Sonor de Sueca (Valencia), Nou Ensemble de Palma de Maiorca ou V. Salvi xunto a Miguel Carvhallais do Porto (Portugal)**

Nesta nova singradura incorporamos os singulares proxectos educativos ALIEN e MÚSICAPORDENTRO coa vontade de afianzar a presenza internacional das institucións galegas procurando modelos interinstitucionais que promovan a innovación e aglutinen propostas illadas para a súa mellor visibilización.

Organizada por Vertixe Sonora, un dos colectivos máis destacados na aposta pola música contemporánea e polo diálogo e a confluencia entre a música e as artes, esta cita converte a cidade de Vigo nunha sala de concertos, nunha caixa acústica total na que se exploran novas relacións entre os espazos e o público.



1. PROGRAMA DE CONCERTOS

Mércores 4 novembro, 20:30

Concerto de apertura

Á espera. Proxecto Alien

Auditorio Martín Codax (Conservatorio Superior de Música de Vigo, Rúa Manuel Olivie, 23)

Entrada gratuíta até completar capacidade

Martes 17 novembro, 20:30

Technics . Nou Ensemble

MARCO Museo de Arte Contemporánea de Vigo (Rúa Príncipe, 54)

Venres 20 novembro, 20:30

Confluencias. Espai Sonor

Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de Música de Vigo, Rúa Manuel Olivie, 23)

Domingo 22 novembro, 18:00

Inside the inside. Vertixe Sonora Ensemble

Verbum (Avenida de Samil, 17)

Mércores 25 novembro, 13:45

Na procura do Sisili. Vertixe Sonora Ensemble

Hall da ETSE Minas Universidade de Vigo (Campus Lagoas-Marcosende, Rúa Maxwell, s/n)

Entrada gratuíta até completar capacidade

Xoves 26 novembro, 19:00

As partículas da felicidade. Angélica V. Salvi +Miguel Carvalhais

Fundación Laxeiro (Rúa Policarpo Sanz, 15)

Domingo 29 novembro, 18:00

Metzli. Vertixe Sonora Ensemble

Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de Música de Vigo, Rúa Manuel Olivie, 23)

A entrada dos concertos de pago ten un prezo de 5 euros anticipada e 8 euros en billeteira.

O abono para o festival ten un prezo de 20 euros.

Venda anticipada en ataquilla.com

concerto 1 | apertura

Á ESPERA – proxecto ALIEN

Mércores 4 Nov 20:30 h. AUDITORIO MARTÍN CÓDAX

cuarteto de saxofóns + sexteto de percusións

SOFÍA GUBAIDULINA (Rusia, 1931) – In Erwartung (1994)

FRANÇOIS ROSSE - Mod'Son 7 (1985) para cuarteto de saxofóns

proxecto ALIEN



Comisionada a Sofia Gubaidulina (b. 1931) polo Rascher Saxophone Quartet e o Kroumata Percussion Ensemble, ambos baseados en Estocolmo, nesta peza a xenial compositora rusa formula diferentes solucións para integrar dúas agrupacións timbricamente contrastantes. O título provén da actitude de escoita experimental, sempre "á espera" —in Erwartung, en alemán— do resultado sonoro que resulta das distintas combinacións.

ALIEN ENSEMBLE supón a culminación dun esforzado traballo por coordinar e visibilizar o labor a prol da difusión da música contemporánea e a identificación da excelencia nos Conservatorios Profesionais e Superiores e as Escolas de Música de Galicia. En *Á espera* participan os Conservatorios Superiores de Vigo e A Coruña e foi coordinado polos mestres Pablo Coello e Vicent Grau. Colabora Ensemble Techné.

IXOR - cuarteto de saxofóns do CSM de A Coruña.

Moisés Barreiro, Jorge Fernández, Lucas Guzman, Manuel Piñeiro. Coordina Pablo Coello

ARDORA - grupo de percusión do CSM de Vigo:

David Alonso, José Luís Rodríguez, Noelia Leite, Adrián Alonso, Noel de Dios, Blas Castañer. Coordina Vicent Grau. Colabora Ensemble Techné

Coa colaboración de:



concerto 2
TECHNICS - NOU ENSEMBLE
Martes 17 Nov 20:30 h. MARCO

violín, violoncello, clarinete, guitarra eléctrica, pedais, obxectos e vídeo

programa

SIMON STEEN-ANDERSEN (Dinamarca, 1976) *Study for a string instrument*

JOSE PABLO POLO (Palma Mallorca, 1984) *No-tune/no-Tempo*

ÍÑIGO GINER (1980) *een betje licht voor T.*/***

MAURICIO KAGEL (Arxentina 1931-2008) *Videopintura aleatoria*

LUÍS JOVER CÓMAS *Prima Vista*

JOAN BAGÉS (*Lleida, Cataluña* 1977) *Matar al sol*

SIMON LOEFFLER (*Dinamarca, 1981*) *B*



***Technics* é o resultado dunha reflexión sobre os conceptos de técnica e tecnoloxía e a súa aplicación na composición musical. Se a técnica (de τέχνη: arte, chécnica, oficio) é o conxunto de normas seguidas co obxecto de conseguir un fin determinado, este programa constrúe unha nova técnica metainstrumental que rompe a tradición musical (física e intelectual) de relación cos instrumentos.**

NOU ENSEMBLE

Myriam García Fidalgo *violoncello*, Jose Pablo Polo *guitarra*; Georgia Privitera *violín*, David Romero-Pascual *clarinete*

Co apoio de:



concerto 3

CONFLUENCIAS - ESPAI SONOR

venres 20 Nov 20.30 h. AUDITORIO MARTÍN CÓDAX

acordeón, piano, percusión, saxofón, violonchelo e electrónica

programa

JOSÉ MIGUEL FAYOS (*España, 1980*) *Sur étoile artaud...* (2013) 10' (*)

JOSÉ MARÍA CIRIA (*España, 1990*) *Nachklang* (2013) 10' (**)

AURÉLIO EDLER (*Brasil, 1976*) *Nova obra* (2015) 10' (***)

NÚRIA GIMÉNEZ (*España, 1980*) *Nova obra* (2015) 10' (***)

GEORG FRIEDRICH HAAS (*Austria 1953*) *Sayaka* (2006) 9'

ALBERTO POSADAS (*España, 1967*) *Versa est in luctum* (2004) 15'

(*) Obra escrita para Ensemble Espai Sonor (**) Obra encargada por el Ensemble Espai Sonor (***) Obras encargadas por el Ensemble Espai Sonor y financiadas por el INAEM.



A vocación de confluencia, foi sempre un dos elementos substanciais na andaina do Espai Sonor. Confluencia estética e tamén confluencia xeracional que consolide un espazo europeo de diálogo musical. Nese espazo o Espai Sonor expresa con vigor e indiscutible enerxía o seu ser mediterráneo, capaz de inocular a paixón pola música e a diversidade da modernidade musical.

ESPAI SONOR

Acordeón: Esteban Algora Saxofón: Ricardo Capellino Percusión: Juanjo Llopico Piano: Tomeu Moll Violonchelo: Manuel Santapau Control e difusión sonora: Vicent Gómez Director: Voro García

Co apoio de:





concerto 4
INSIDE THE INSIDE – VERTIXE SONORA
Domingo 22 Nov 18:00 h. VERBUM

programa

ELENA RYKOVA (*Rusia, 1991*) *Bat-jamming** (2015)

MIGUEL ÁNGEL TOLOSA (*España*) *Quintet** (2015)

INGAR ZACH (*Noruega, 1971*) *Inside the inside****(2015)

ANDRÉS NUÑO DE BUEN (*México, 1988*) *Tendón*** (2015)

MURAT ÇOLAK (*Turquía, 1984*) *Râh** (2015)

*estrea mundial

**estrea mundial financiada FONCA

*** estrea mundial financiada Komponistenes Vederlagsfond,
NOPA e TONO

Inside the inside formula un espectáculo que divaga na experiencia íntima da escoita. Cinco estreas internacionais expresamente creadas para o Verbum que paseniño mergullan en sonoridades delicadas procurando acougo ou profundas e doentes continuidades sonoras. Músicas introspectivas, a experiencia do tempo e quizáis un mínimo e agochado aceno emocional.

No seu Quinteto, Miguel Ángel Tolosa, residente en Berlín e asociado ao colectivo Wandelweiser, presentará en Vigo a súa nova estrea, que indaga no baleiro. En *Inside the inside*, o percusionista e improvisador noruegués Ingar Zach traslada a investigación desenvolvida os últimos dez anos nunha ampla gama de instrumentos de percusión e aparellos electrónicos ao ensemble contemporáneo. Elena Rykova coreografía unha feroz competencia entre morcegos para cazar un piano en *Bat Jamming* (interferencias de morcegos) inspirada na ecolocación, o sistema que empregan para calcular distancias a partires da recepción do rebote das ondas sonoras. A estrea mundial de *Tendón* de Andrés Nuño de Buen forma parte do seu ciclo *De líneas y nudos* onde reflexiona sobre narratividade musical e o estatismo das esculturas sonoras a través dunha peza que recibiu o apoio “*Jóvenes Creadores 2014 - 2015*” do *Fondo Nacional para la Cultura y las Artes en México* para a súa estrea en Vigo. Remataremos con *râh*, unha reflexión sobre a peregrinación e a viaxe nas sociedades contemporáneas que nos propón percorrer o turco residente en Boston Murat Çolak.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolá *frautas* / Joaquín Meijide *clarinetes* / Pablo Coello *saxofóns* / Celia Adrián *acordeón* / Ailsa Lewin *violonchelo* / Carlos Méndez *contrabaixo* / David Durán *piano* / Diego Ventoso *percusión*

Co apoio de:

Komponistenes Vederlag



concerto 5

NA PROCURA DO SISILI - VERTIXE SONORA

Mércores 25 Nov 13.45 h HALL DA ETSE DE MINAS da UVigo


percusión + electrónica

PABLO BELTRÁN (1970, Barcelona) - *Na procura do Sisili** (2015)

THIERRY DE MEY (1956, Bruxelas) - *Silence must be!* (2002)

TOSHIO HOSOKAWA (1955, Hiroshima, Xapón), *Sen VI* (1993)

*Estrea mundial



Sisili é o nome do río que situado ao norte de Ghana atravesa as praderías entre Wiasi e Yagaba para acadar as montañas do parque nacional Grosa.

O compositor galego Pablo Beltrán estrea aquí a súa viaxe nas marxes cambiantes do río Sisili e fusiona sons acústicos e materiais procesados electronicamente na procura dos catro elementos e a simbiose coa cultura africana.

Completan o programa dous clásicos contemporáneos para percusión: *Silence must be!* do belga Thierry de Mey e a espectacular *Sen VI* do xaponés Toshio Hosokawa.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Vicent Grau *percusión*, Pablo Beltrán *electrónica*

Co apoio de:

 Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

concerto 6

AS PARTÍCULAS DA FELICIDADE – ANGÉLICA V. SALVI + MIGUEL CARVALHAIS

XOVES 26 Nov 19.00 h FUNDACIÓN LAXEIRO

arpa electroacústica + electrónica



programa

KAIJA SAARIAHO (Helsinki, 1952) *Fall* (1991)

ERIC CHASALOW (EE.UU., 1955) *What is danced (and what is not)* (2002)

MARIA JOSÉ BELENGUER (Onda, Castellón, 1983,) *As partículas da felicidade* (2012)

FUZZY (Født, Dinamarca, 1939) *B-movies* (1997)

Angélica V. Salvi, residente en Porto, é unha das arpistas europeas máis activas na procura de novos horizontes sonoros para o seu instrumento. Propón xunto a Miguel Carvalhais un programa que abrangue dende o jazz, a música experimental ou a música cinematográfica reflectindo as infinitas posibilidades sonoras da arpa electroacústica.

Indagar os estados de felicidade foi a premisa baixo a cal María José Belenguer embarcou na obra que dá título ao concerto. O estadounidense Eric Chasalow dilucida a relación entre son e xesto a través da pregunta: que é danza e que non o é? Tamén á danza pertence *Fall* quinta parte do ballet *Maa*, escrito en colaboración coa coreógrafa Carolyn Carlson. A compositora finesa Kaija Saariaho explora a experiencia da travesía e do cambio —*Maa* en finés significa terra, territorio ou país. O multiéctico compositor danés Jens Vilhelm Pedersen, máis coñecido polo seudónimo de Fuzzy conducíranos coa súa divertida obra *B-Movies* a través dos clichés sonoros empregados nas películas de terror da serie B.

concerto 7

METZTLI – VERTIXE SONORA

Domingo 29 Nov 18.00 h AUDITORIO MARTÍN CÓDAX

Co patrocínio de Ibermusicas (VV.PP.), FONCA (México), Hochschule für Musik FRANZ LISZT (Alemaña)



programa

JUAN PABLO CARREÑO (Colombia) *Prólogo Digital* Prólogo*(2015)

PABLO GALAZ (Chile) *Nova obra** (2015)

ARASH YAZDANI (Iran) *Transmittance** (2015)

NATALIA PROKOPENKO (Rusia, 1985) *Alcor** (2015)

EDGAR BARROSO (Mexico, 1977) *Metzli**** (2015)

* estrea mundial **estrea mundial co apoio do Franz-Liszt-Stipendiat 2014 ***estrea mundial co apoio de Ibermusicas e FONCA, residencia artística vertixeVIGO15

En Metzli, lúa en náhuatl, preséntanse 5 estreas mundiais de compositores de México, Chile, Colombia, Irán e Rusia que sitúan a Vigo no epicentro da música de vangarda internacional. Se na peza de Edgar Barroso que dá título ao programa, o Harvard Horizon 2013 reflexiona sobre a escuridade e a luz, o concepto de xénero a través da dualidade home–muller, en *Prólogo digital* estreademos en exclusiva unha nova obra baseada na nova ópera do colombiano Juan Pablo Carreño, unha coprodución participada conxuntamente por Siemens Foundation, Ópera de Marsella e MúsicaTreize.

O proxecto que presentará en Vigo Pablo Galaz, compositor chileno residente en Francia recibiu o Franz-Liszt-Stipendiat 2014 da Hochschule für Musik FRANZ LISZT de Weimar, Alemania. Completan o programa *Transmittance* unha reflexión sobor do concepto de extranxería —de funesta e dramática actualidade— do compositor e director iraní Arash Yazdani e *Alcor* da rusa Natalia Prokopenko, obra inspirada na estrela do mesmo nome situada na constelación da Osa Maior, e que forma xunto a Mizar unha estrela dobres.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolá *frautas*/ Felipe Agell *clarinetes*/ Pablo Coello *saxofóns* / Jonathan Vázquez Carrera *tuba*/ Vadim Yukhnevich *acordeón* / Mario Peris *violín* / Thomas Piel *violonchelo* / Carlos Méndez *contrabaixo* / Angélica Vázquez *arpa* / Rubén Barros *guitarra e baixo eléctrico* / David Durán *piano e órgano hammond* / Diego Ventoso *percusión*

O concerto de peche do VertixeVIGO 15 conta co apoio de:



2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES do IGAS

Proxectos artísticos de promoción da música contemporánea entre os máis xóvenes en colaboración coas institucións educativas da nosa contorna.

Músicapordentro *primaria e secundaria*

Actividades de dinamización de concertos coa colaboración dos mestres de primaria e secundaria da comarca



Coordinado por Xaime Estevez e Juanca Vázquez

A espera – PROXECTO ALIEN *conservatorios*

Montaxe da espectacular obra de Sofia Gubaidulina nunha agrupación formada por alumnos do CSM de A Coruña e o CSM de Vigo. Colabora Ensemble Techné

PROXECTO ALIEN supón a culminación dun esforzado traballo por coordinar e visibilizar o labor a prol da difusión da música contemporánea e a identificación da excelencia nos Conservatorios Profesionais e Superiores e as Escolas de Música de Galicia. Un modelo interinstitucional de mellora que promove a innovación e aglutina propostas illadas para a súa mellor visibilización, potenciación e proxección internacional. E faino con propostas informadas e tecnoloxicamente avanzadas que participan do diálogo intercultural contemporáneo e animan a aparición de novas linguaxes artísticas, proxectando a imaxe dunha rexión creativa moderna e innovadora. En *A espera* participan os Conservatorios Superiores de Vigo e A Coruña, coa coordinación dos mestres Pablo Coello e Vicent Grau.

Coa colaboración de:



3. CICLO DE CONFERENCIAS/ entrada gratuita até completar capacidade

cAuSaL: Encontros Internacionais de Composición

Venres 20 | Voro García, Murat Çolak, Ingar Zach, Juan Carlos Tolosa, Andrés Nuño de Buen
Venres 27 | Arash Yazdani, Pablo Galaz, Natalia Prokopenko, Juan Pablo Carreño, Edgar Barroso

AULA 10 – mañás 10:00 a 18:00



Departamento de Composición-Conservatorio Superior de Música de Vigo

Espazo de encontro e discusión no que se dá a coñecer a obra dos compositores programados nesta edición do vertixeVIGO, e os procesos creativos que se agochan detrás do seu traballo. Organizado en colaboración co Departamento de Composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo, os encontros completaranse coa asistencia a ensaios abertos nos que participarán intérpretes do Vertixe Sonora Ensemble.

cAuSaL está aberto a compositores, instrumentistas, estudantes e aquelas persoas interesadas na música contemporánea que desexen participar.



VERTIXE SONORA ENSEMBLE - ensemble residente

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Asociado ao Instituto Galego de Sonoloxía, plataforma de investigación e experimentación sonora, está integrado por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal. En Vertixe Sonora Ensemble danse a man artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza que a partires dunha consciencia da multiplicidade no achegamentos ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas.

Cunha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, Vertixe Sonora favorece un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo *Correspondencias Sonoras (CGAC)* e *sonUTopias (campUSCulturae)* en Santiago de Compostela, o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo *MIHLsons* en Lugo, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

Comprometidos coa divulgación da música do seu tempo organizan os cursos de achegamento á música contemporánea *Aguzar o oído (MARCO, Vigo)*, os *Encontros Internacionais de Música Contemporánea — cAuSaL*, obradoiros de composición, charlas abertas...

O seu labor foi recollido nos documentais *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río e *son[UT]opias* (2014) do realizador Simón Vázquez.

www.vertixevido.net

Promove: Vertixe Sonora e Instituto Galego de Sonoloxía

Patrocina: Concello de Vigo, FONCA (MX), Ibermusicas (VV.PP.), TONO (NO), NOPA (NO),
Komponistenes Vederlagsfond (NO), INAEM, Universidade de Vigo

Colabora: Fundación Laxeiro, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, Conservatorio Superior
de Música de Vigo

Máis información en:

www.vertixevido.net

Contacto prensa:

info@vertixesonora.net